



## RESOLUCIÓN R 4/2013 – NEGATIVA Á ACREDITACIÓN COMO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES "

### Pleno:

- D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente
- D. Fernando Cachafeiro García, vogal

En Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator o seu presidente, D. Francisco Hernández Rodríguez, ditou a seguinte Resolución no Expediente S 5/2012 iniciado en virtude da denuncia presentada pola "EIA Consultoría Asesoría" (EIA) fronte á Secretaría Xeral da Igualdade (órgano directivo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de la Xunta de Galicia), por suposta práctica restritiva da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

### ANTECEDENTES DE FEITO

1. En data 27 de febreiro do 2012, a Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia (CNC), na actualidade a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), deu traslado á Subdirección de Investigación do CGC da denuncia presentadas pola entidade "EIA Consultoría Asesoría" fronte á Secretaría Xeral da Igualdade (órgano directivo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia), por suposta práctica restritiva da competencia prohibidas pola LDC. O traslado do expediente realizouse no marco do procedemento previsto no art. 2.2. da *Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.*
2. A conduta que a denunciante considera restritiva da competencia é a negativa da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia a acreditar á EIA como Centro de Información de Mulleres. A denunciada rexeitara a petición que lle fora efectuada mediante a súa Resolución do 15 de novembro do 2011, asinada pola Secretaría Xeral da Igualdade (incorporada ao expediente como Dcto 1).



3. Na referida Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade negábase a acreditación solicitada argumentando, en esencia, que o Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, resulta de aplicación exclusivamente aos centros de información ás mulleres de titularidade municipal ou dunha mancomunidade (artigos 1 e 5 do Decreto), condición que non concurría na agora denunciante. Adicionalmente, débese precisar, como así o fai a Subdirección de Investigación na súa proposta de arquivo, que non consta no expediente que EIA formulase recurso algún en vía administrativa ou contencioso-administrativa fronte a dita resolución.
4. En data do 18 de xullo de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC acordou elevar ao Pleno do CGC unha proposta de non incoar procedemento sancionador fronte á citada Secretaría Xeral da Igualdade, con arquivo das actuacións, ao abeiro do disposto nos artigos 49 da LDC e 27 do Regulamento de defensa da competencia (RDC).
5. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 27 de setembro de 2013.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro: Obxecto da resolución

6. O expediente ten por obxecto analizar se a negativa da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia a acreditar á EIA como Centro de Información de Mulleres pode constituír unha conduta tipificada pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

### Segundo: Sobre a denegación da acreditación solicitada como presunta conduta anticompetitiva

7. O art. 49.3 da LDC dispón que as autoridades de competencia, por proposta do órgano instructor, poderán acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 desta Lei e o arquivo das actuacións cando consideren que "*no hai indicios de infracción da lei*". Para tales efectos, o órgano instructor -no noso caso, a Subdirección de Investigación- deberá dar traslado previamente da denuncia recibida, das actuacións previas practicadas, no seu caso, e dunha proposta de arquivo ao órgano encargado de resolver, o Pleno do Consello Galego da Competencia.



8. No presente caso, a denunciante solicitara a súa acreditación como Centro de Información de Mulleres, que lle fora denegada de xeito expreso mediante Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, do 15 de novembro do 2011, na que en esencia se argumentaba que o Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, resulta de aplicación exclusivamente aos centros de información ás mulleres de titularidade municipal ou dunha mancomunidade (artigos 1 e 5 do Decreto), circunstancia que non concurría na solicitante.
9. A denunciante mantén no seu escrito de denuncia o seu desacordo coa referida Resolución do 15 de novembro do 2011, pola que se rexeitara a súa solicitude, ao entender que “está a producir unha clara e grave vulneración do dereito á igualdade, ademais de vulnerar a normativa establecida na lei reguladora da mesma...”.
10. O Pleno do Consello Galego da Competencia coincide co criterio mantido pola Subdirección Xeral de Investigación ao elevar a súa proposta de arquivo. En efecto, os Centros de Información de Mulleres foron concibidos como instrumentos de espallamento e afondamento na política de igualdade de xénero a nivel municipal e supramunicipal. A súa natureza é a de órganos da Administración pública, integrados nos entes locais, máis concretamente, nos concellos e nas mancomunidades.
11. O indicado infírese con claridade da Exposición de Motivos do propio Decreto 182/2004, no que se pode ler o que segue:

“Por todo isto, e dende a entrada en vigor da citada Lei reguladora do funcionamento do Servizo Galego de Promoción da Igualdade entre Homes e Mulleres, o cumprimento das súas funcións e o logro dos obxectivos anteriormente referidos levouse a cabo a través de instrumentos distintos, dentro dos que destacaron de maneira significativa, pola súa especial eficacia, a rede de centros de información ás mulleres que a Administración autonómica puxo en marcha en colaboración con distintas corporacións locais. Estes centros de información ás mulleres foron concibidos como órganos da Administración pública [subraiado engadido] destinados non só á prestación de asesoramento xurídico, psicolóxico ou de orientación laboral ás mulleres que individualmente alí se dirixiran, senón tamén e con especial énfase procurando que o labor alí desenvolvido, transcendendo da prestación dun servizo concreto a unha persoa determinada, tivese unha proxección a todos os sectores da sociedade e cuxa finalidade primordial fose a de servir como instrumento para a consecución do principio de igualdade.”



12. Trátase, pois, dunha cuestión de legalidade, na medida en que a solicitude de acreditación non foi considerada como viable ao apartarse do marco legal regulador da categoría solicitada, a de Centro de Información ás Mulleres, e así o entendeu o órgano administrativo ao que se dirixiu a súa solicitude. Non debemos esquecer, asemade, que a negativa a conceder a acreditación solicitada ben puido ser recorrida en vía administrativa ou contencioso-administrativa, no seu caso, nas que se podería ter revisado á súa adaptación ao ordenamento xurídico. Por outra banda, non se debe esquecer tampouco que nos atopamos ante unha iniciativa dos poderes públicos que se pode enmarcar no exercicio das súas lexítimas competencias e, en definitiva, dunha opción entre outras moitas igualmente lexítimas.
13. En consecuencia é preciso concluír deixando claro que, sen entrar no acerto ou non da resolución adoptada no seu día pola referida Secretaría Xeral da Igualdade, sobre o que este organismo non pode pronunciarse, senón centrándonos unicamente no específico ámbito da protección da libre competencia que é sobre o que este órgano é competente para resolver, resulta evidente que a conduta denunciada non pode ser cualificada nin como un acordo colusorio dos prohibidos polo artigo 1 LDC, nin como un abuso de posición de dominio dos que sanciona o artigo 2 LDC, sen que tampouco sexa posible apreciar vulneración algunha do artigo 3 LDC, que sanciona o falseamento da libre competencia por actos desleais, pois, en realidade, nos atopamos ante un acto de autoridade desenvolvido por o órgano que ten lexítimamente atribuída a competencia para adoptalo, e non o ante comportamento dun operador económico que participa nun mercado de xeito desleal.

Á vista do que antecede, o Consello Galego da Competencia coa composición recollida ao principio, e tendo e conta os preceptos citados e os demais de xeral aplicación,

## RESOLVE

**ÚNICO:** Non incoar expediente sancionador e, conseguintemente, archivar as actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada pola entidade “EIA Consultoría Asesoría” fronte á Secretaría Xeral da Igualdade (órgano directivo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia), por considerar que non existen indicios de infracción da Lei de defensa da competencia.



Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación.